



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2024/G003/001455

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS AUTORIZADAS PARA PARTICIPAR NO MERCADO MARIÑEIRO DAS FESTAS DO CARME 2024)

ANTECEDENTES

1. Convocatoria do Mercado Mariñeiro 2024, incluído no programa de contidos para celebración das Festas do Carme, con bases reguladoras aprobadas mediante o decreto de alcaldía núm. 1175/2024, do 24 de xuño.
2. Expediente de tramitación de solicitudes, 2024/X999/000295, no que se instruíu e revisou a documentación presentada polas persoas interesadas en participar no mercado.
3. Decreto de alcaldía 1344/2024, do 12 de xullo, polo que se aprobaba a relación de persoas autorizadas para participar no Mercado Mariñeiro das Festas do Carme 2024 e se convocaba un prazo de 4 días hábiles para cubrir os espazos vacantes.
4. Proposta do Concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística na que se presenta a relación de solicitudes admitidas para cubrir os espazos vacantes, logo de revisar a documentación presentada.

Por todo o que antecede e segundo a competencia que lle outorga o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldía

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a seguinte relación definitiva de persoas autorizadas para participar no Mercado Mariñeiro 2024, incluíndo as persoas admitidas na convocatoria para cobertura de espazos vacantes:

SOLICITANTE	NIF	DENOMINACIÓN E PRODUTOS
María Natalia Domínguez Santos	***9427**	«Hana No Boshi» - Sombreiros, tocados e complementos
Lucía Sánchez Ferreño	***8815**	«Jerolas» - Bolsos e prendas feitas a man
María Dolores Rodríguez Díaz	***5863**	Sacos térmicos e elaboración de bixutería
María Gloria Rey Prado	***0511**	Bixutería e complementos artesanais
Adoración Rodríguez Rodríguez	***7273**	Cerámica decorativa e complementos
Alberto Pin García	***3441**	Xoguetes de madeira
Beatriz Jhoselyn Chitty da Costa	***7933**	«Hippiechic» - Bixutería, acuarelas e pendentes
Blanca Quiroga García Boente	***5592**	Complementos con pedras e perlas naturais
Xuntos As Mariñas	G70582705	Artigos de regalo con temática animal



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Lorena Barciela Garea	***0573**	Artesanía textil infantil
Johanna Sanvicente Martínez	***0470**	Xoiaría con nácar e cunchas
Natalia Carbirta Rodríguez	***2194**	Aceites esenciais

Segundo.- Autorizar a ocupación dos postos por parte das persoas seleccionadas, que deberán respectar as condicións, datas e horarios aprobadas nas bases reguladoras da convocatoria.

Terceiro.- Notificar esta resolución ás persoas interesadas e publicala na páxina web municipal www.sada.gal.

Cuarto.- Contra esta resolución, definitiva en vía administrativa, as persoas afectadas poden interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo de un mes contado desde o día seguinte ao de recepción desta notificación, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de A Coruña, durante o prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de recepción desta notificación. Se optasen por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio, transcorrido un mes desde a súa interposición sen resolución expresa. Non obstante, poderá exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.